



ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2024-25

1. LEXISLACIÓN APLICABLE:

- ❖ Decreto 13/2022, do 3 de febreiro. (DOG11/02/22)
- ❖ Orde do 21 de outubro de 2022. (DOG 8/11/22)
- ❖ Instrucións da dirección Xeral de Centros e RRHH para o curso 23-24

| PRAZOS | ACTUACIÓNS SEGUNDO A ORDE DO 21 DE OUTUBRO de 2022 |
|---|---|
| 15 de xaneiro ao 6 de febreiro | <ul style="list-style-type: none"> - Solicitud de reserva de praza no centro de adscrición. (Art. 27.1) - Anexo I formulario normalizado (ED550A). A solicitude deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras. - Anexo I-bis (comprobación de datos e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora). - A presentación realizarase no centro de orixe. - Envío ao centro ao que está adscrito da relación do alumnado susceptible de matricularse no mesmo para o vindeiro curso, xunto coas solicitudes de reserva de praza. (Artigo 10º.3) - A presentación de solicitude noutro centro estando vinculado por reserva implica perda do dereito de prioridade. (Art. 11º.3 e 34º.1b). |
| 22 de febreiro | <ul style="list-style-type: none"> - Se o número de postos dispoñibles é suficiente, o centro adscrito e o centro de adscrición publicarán a listaxe definitiva do alumnado con posto reservado o día 22 de febreiro (Art. 29.1). - Cando os postos non sexan suficientes para atender as solicitudes, publicarase esta circunstancia no centro adscrito e no centro de adscrición e todo o alumnado deberá presentar necesariamente a solicitude de admisión (Art. 30.1). |
| Antes do 1 de marzo | <ul style="list-style-type: none"> - Determinación e publicación dos postos escolares en cada centro. (Art. 2.4) - A persoa titular da Xefatura Territorial, por proposta da dirección dos centros públicos, determinará o número de postos escolares vacantes en cada centro. - A aprobación do criterio complementario correspóndelle ao Consello Escolar e remitirase á Xefatura Territorial no prazo de 2 días hábiles á súa adopción, e publicarase na aplicación <i>admisionalumnado</i>, no taboleiro de anuncios e na páxina web antes do 1 de marzo (Art. 24.2). A puntuación por este criterio será de 1 punto (Art. 24.3). - O número de postos escolares por unidade reservados ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no primeiro curso de cada etapa (4º de infantil, 1º de primaria e 1º de secundaria obrigatoria) será de 3. - Exporanse no taboleiro de anuncios e nos sistemas de información pública de que dispoña o centro a información contemplada nos artigos 5.1 e 5.2. - Sorteio público anual das letras de desempate. (Art. 34.2). |
| 1-20 de marzo | <ul style="list-style-type: none"> - Presentación de solicitudes de admisión segundo o anexo II formulario normalizado (ED550B). A solicitude deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras. (Art. 27.2) - Anexo II-bis (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora). (Art.48) - As persoas interesadas deberán achegar, se o require o centro, a documentación especificada no Art. 31.1. - A documentación complementaria presentarase presencialmente no centro (Art. 31.2) - Cada solicitante presentará unha única solicitude, relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros nos que solicita praza. - Esta solicitude entregarase no centro que se solicite en primeiro lugar. - Ter todos os datos de admisión cargaranse na aplicación Admisión alumnado nos 3 días hábiles seguintes á presentación de cada solicitude. - Se os pais optan a unha praza para alumnado con n.e.e. (Art. 28) deberán manifestalo e achegarán a documentación pertinente. - Envío á Xefatura Territorial, no prazo máximo de dez días hábiles a partir do día seguinte da súa presentación no centro, xunto coa avaliación psicopedagóxica inicial realizada polo centro, das solicitudes para o alumnado con necesidade educativa específica de apoio educativo. (Artigo 28º.1). |
| Do 22 de marzo ao 4 de abril | <ul style="list-style-type: none"> - Se existe máis demandada que oferta, presentación no centro de documentación acreditativa dos criterios de baremo. Esta presentación ten carácter voluntario. (Artigo 30º.2) |

| | |
|---|--|
| <p>25 de abril</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Publicación da listaxe provisional. - Deberá publicarse e ser accesible a través da aplicación informática, e indicará expresamente que se poderá formular reclamación, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o Consello Escolar (Art. 35.2). - As reclamacións entenderanse estimadas ou desestimadas coa publicación da listaxe definitiva (Art. 35.3). |
| <p>15 de maio</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Publicación listaxe definitiva - A listaxe definitiva publicarase e estará dispoñible a través da aplicación informática, e permanecerá exposta e accesible ata o día de inicio do novo curso escolar; así mesmo, deberá indicar expresamente a forma concreta para a súa impugnación (Art. 35.4). - As persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a Xefatura Territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (Art. 36). |
| <p>Días 16 e 18 de maio</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Os centros remitiranlle á Xefatura Territorial, nos 2 días hábiles seguintes ao da publicación da listaxe definitiva de alumnado admitido, a seguinte documentación: <ul style="list-style-type: none"> 1.-Listaxe definitiva do alumnado con posto escolar no centro. 2.-Listaxe definitiva do alumnado sen posto escolar no centro, xunto coa documentación presentada. 3.-Número de postos escolares non cubertos, detallados por cursos e niveis. (Art. 38.1). - Os centros docentes remitiranlle á Xefatura Territorial as solicitudes de admisión presentadas despois do remate do prazo de presentación (Art. 38.2). |
| <p>20 - 30 Xuño</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Formalización da matrícula do alumnado de educación infantil e primaria. (Artigo 41º.1 a). - Se unha vez finalizado o prazo de matrícula esta non se formalizase, terase por decaído o seu dereito á praza obtida (Art. 41.2). - O alumnado escolarizado despois das datas de matrícula poderá formalizala ao incorporarse ao centro docente (Art. 41.3). - Unha vez finalizado o prazo de matrícula, comunicación á Xefatura Territorial o número de prazas vacantes especificando curso e nivel educativo. Así mesmo irá comunicando todas as vacantes que se produzan ao longo do curso académico. (Artigo 43º). |
| <ul style="list-style-type: none"> - O centro de secundaria solicitará ao centro de primaria a remisión de documentación correspondente ao alumnado que formalizou a matrícula no seu centro. (Art. 42º). - Comunicar á Xefatura Territorial as vacantes que se poidan producir no centro: <ul style="list-style-type: none"> a) Con posterioridade á resolución definitiva e antes ao inicio do prazo de matrícula. (Artigo 38º). b) As que xurdan con posterioridade ao inicio do prazo de matrícula. (Artigo 43º). c) Tamén as que se produzan ao longo do curso académico. (Artigo 43º). | |
| <p>CÓMPUTO DE PRAZOS (Disposición adicional segunda)</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Cando o último día do prazo non sexa lectivo, prorrogarase automaticamente ata o día lectivo inmediato seguinte. |
| <p>SOLICITUDES E FORMULARIOS (Art. 26.1 e 26.2)</p> | <ul style="list-style-type: none"> -Presentaranse preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario dispoñible na aplicación informática admisionalumnado. (https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado). -Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou nos rexistros establecidos na normativa do procedemento administrativo común. -Tamén estarán accesibles: <ul style="list-style-type: none"> a) Na sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal). b) No porta educativo (http://www.edu.xunta.gal). c) Nos centros docentes |
| <p>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS QUE OFRECE E NORMATIVA CONCRETA (COMEDOR, TRANSPORTE E MADRUGADORES)</p> | <p>O centro ofrece: Transporte Escolar e Comedor Escolar</p> <ul style="list-style-type: none"> • No mes de <u>ABRIL</u>, TODO O ALUMNADO deberá solicitar a utilización do comedor e/ou transporte • Decreto 10/2007 do 25 de Xaneiro polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos. • Orde de 13 de Xuño de 2008 polo que se regula a organización, funcionamento e xestión dos comedores escolares dos centros públicos. • Instrucións sobre transporte e comedores que remite a Consellería. • MADRUGADORES: Dependente do Concello |

**ÁREAS DE INFLUENCIA DO CENTRO (ZONIFICACIÓN)
(TERÁN DEREITO PREFERENTE Á MATRÍCULA SOBRE ALUMNADO DOUTRAS PARROQUIAS)**

Quedarían baixo a zona de influencia do centro as parroquias seguintes :

**Torás Vilaño Montemaior
Golmar Lemaio Cabovilaño
Soutuio Lendo Soandres**
(excepto Revirente)

POSTOS ESCOLARES OFERTADOS

| | PRAZAS ORDINARIA | PRAZAS NEAE | VACANTES |
|--------------------------|-------------------------|--------------------|-----------------|
| 4º E.INF (3anos) | 57 | 3 | 60 |
| 5º E.INF. (4anos) | 1 | | 1 |
| 6ºE.INF (5anos) | 0 | | 0 |
| 1º E.PRIM | 0 | 3 | 3 |
| 2º E.PRIM | 0 | | 0 |
| 3º E.PRIM | 3 | | 3 |
| 4º E.PRIM | 0 | | 0 |
| 5º E.PRIM | 3 | | 3 |
| 6º E.PRIM | 0 | | 0 |